

# EXPOSICIÓN

**Inauguración o venres 6 de maio de 2011, ás 20.30 h,  
na Sala de Exposicións dos Muíños de Acea de Ama  
(O Burgo, Culleredo).**

**Interveñen:**

**Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura.  
Carlos Pereira Martínez, historiador.  
Alfonso Costa, pintor.**

**A continuación haberá unha actuación do grupo Bush Doctor.**

**Do 6 de maio ao 11 de xuño de 2011.**

**Horario:**

**Luns a venres: de 18.00 a 21.00 h.  
Sábados: de 12.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h.**

**Edificio de Servizos Múltiples (O Burgo)  
Tfno: 981665597 Fax: 981661748  
Email: [servizosmultiples@gmail.com](mailto:servizosmultiples@gmail.com)**



# ALFONSO COSTA



## Presentación

Dentro das actividades conmemorativas do 10º aniversario das Salas de Exposicións municipais, e como colofón do *IV Encontro de Pintura e Poesía de Culleredo*, a Sala dos Muíños de Acea de Ama acolle esta exposición dun dos mestres da pintura galega contemporánea, Alfonso Costa, estreito e xeneroso colaborador coas iniciativas artísticas cullerenses dende hai varios anos.

Estamos convencidos de que esta exposición espertará grande interese na cidadanía. Convídoos, pois, a compartir con nós, un acto no que se mesturará a pintura, a música e a poesía.

Celestino Poza Domínguez  
Concelleiro de Cultura

## Datos biográficos

Nace en Noia (A Coruña) o 9 de agosto de 1943. Estuda na Escola de Artes e Oficios Artísticos “Llotja” de Barcelona. Foi Becado pola Fundación March, o Ministerio de Cultura (Madrid) e a Beca María Blanchard (Santander). É membro da Fundación do Grabado e a Estampa de Artes (Ribeira) ou do Foro Cultura Solidaria Galega. É socio de honor da Asociación de Artistas Plásticos de Galicia, que lle outorgou a súa 1ª Paleta de Prata. Tamén a Asociación Cultural Barbantia concédelle “O Sireno de Bronce” da Cultura. Ten obtido numerosos premios de debuxo e pintura.

Nos últimos anos ten participado en diversas edicións dos “Encontros de Pintura e Poesía” organizados pola Deputación da Coruña ou os Concellos de Brión e Culleredo, así como nas Xornadas Internacionais de Grabado Contemporáneo (Cuenca), nos Encontros Europeos de Arte en Passau (Alemania), ou no Seminario “A Universidade que nos agarda”, organizado pola Universidad Internacional Menéndez Pelayo (Bamio, Pontevedra).

Realiza carpetas de augafortes con poemas de Rosalía de Castro, Celso Emilio Ferreiro, Gerard Vergés, Eva Veiga, Salvador García Bodaño, Cesáreo Rodríguez Aguilera..., ou as series Barcelona, A Illa Verde, Homenaxe a Goya, Cidades de Galicia, Níxer... Realiza ademais, escultura, decorados para teatro e televisión, ilustracións de libros e carteis. Deseña os fondos e personaxes para “O Soldadiño de Chumbo”, de Continental-Producións, pinta unha colección de traxes de noiva para a firma Charoa, colabora con Ediciones Boreal da Coruña en distintos libros e nas revistas *Alameda* e *Casa da Gramática* (Noia). Dende 1995 dirixe o Taller de Grabado na Sociedade Liceo de Noia.

Expón en Madrid, Valencia, Palma de Mallorca, Barcelona, Jaén, A Coruña, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Ibiza, Santander, Suíza, Italia, Alemania, Bélxica, Cuba, EEUU, México, Arxentina, Francia, Brasil, Uruguai, etc... As súas últimas mostras máis relevantes foron a antolóxica “A vertixe na mirada”, organizada pola Universidade de Santiago (2005), “Anatomía do silencio” na Galería Moretart da Coruña (2009) e, en 2009-2010, a antolóxica que lle organiza Caixanova en Vigo, Pontevedra e Ourense.

Ten realizado pinturas murais en diversas instalacións en Barcelona, Noia, Viveiro, Uldecona (Tarragona), Porto do Son, Santiago ou Arnsberg (Alemania) etc... Igualmente participa en numerosas Feiras Internacionais de Arte: Basel, París, Arco, Lisboa, Loirent, Barcelona, Dusseldorf, Vigo, etc...

No ano 2006 viaxa a Níxer con Acción contra a Fame: froito desta viaxe será unha carpeta de gravados e o libro *Níxer*, publicado por Edicións Xerais. E no ano 2008 publícase o libro *Alfonso Costa*, con textos de Ánxeles Penas e Eva Veiga, na colección “Grandes Pintores” da Deputación da Coruña.

Posúen obra súa, entre outros, o Museo Arte Nacional de Cataluña, Marco (Vigo), Bello Piñeiro (Ferrol), Arte Moderno (Barcelona), Fundación March (Madrid), Palau da Generalitat (Barcelona), Museo Zabaleta (Quesada), Museo de Hospitalet, Museo de Ostende (Bélxica), Congreso dos Deputados (Madrid), Real Academia Galega (A Coruña), Vaticano (Roma), Concellos da Coruña e Culleredo, Caja Sur (Córdoba), Casa da Cultura (Menden), Fundación do Grabado e a Estampa (Ribeira), Caixanova (Vigo), Laboratorios Esteve (Barcelona), Ministerio de AREE (Madrid), Fundación Otero Pedrayo (Trasalba), Deputacións da Coruña e Santander, Museo do F.C. Barcelona, Pazo da Zarzuela (Madrid), Museo de Castilla-León (Valladolid), Fundación Mª José Jove (A Coruña), Universidade de Santiago, Casa Henri Abelé (Reims), Fundación CIEC (Betanzos)...

